



NOTA DE PRENSA

AGADEA trae a Ribeira os Cafés Lembranza

- Máis de 20 persoas, entre familiares e cuidadores e profesionais, reuníranse mañá no espazo informal dun bar de Ribeira para conversar e poñer en común experiencias similares sobre o Alzheimer
- A finalidade é evitar o abandono das relacións sociais dos cuidadores e contribuir a mellorar a súa calidade de vida

Santiago de Compostela. 4 xuño 2019. Mañá mércores 5 de xuño terá lugar no Bar Plaza de Ribeira o primeiro dos encontros *Cafés Lembranza* que organiza a entidade AGADEA ALZHEIMER nesta localidade e a que asistirán máis de 20 persoas.

Trátase dunha xuntanza nun espazo informal na que se desenvolve unha sesión estruturada non clínica cun profesional e á que están chamados a participar familiares e cuidadores de persoas con Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas.

A súa finalidade principal é contribuír á mellorar a calidade de vida e a redución do illamento social dos cuidadores, a través da interacción de persoas con experiencias similares e da participación en actividades lúdicas e terapéuticas. O cuidador adoita dispoñer de pouco tempo persoal, coa consecuente sensación de falta de liberdade e o abandono de relacións sociais.

ASOCIACIÓN GALEGA DE AXUDA AOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER
Sede: Rúa Salgueiriños de Arriba, 15 | 15706 | Santiago de Compostela
agadea@agadea.org | www.agadea.org | 981 595 738 | 647 589 725



Esta experiencia realízase desde hai varios anos en distintos países europeos, como Holanda, Bélxica, Reino Unido, EEUU ou Cánada. Tamén se levou a cabo en Vigo, coa asociación Afaga, obtendo un resultado moi positivo.

Nos *Cafés Lembranza* de mañá participará a Educadora Social do Centro de día de Alzheimer Ribeira, Martina González Veiras, que conducirá a conversa e exporá temas común e interesantes para os familiares e cuidadores.

Esta actividade enmárcase dentro da oitava edición do *Xuño da Cultura e as artes*, organizado polo Concello de Ribeira.

ACTO: CAFÉS LEMBRANZA

LUGAR: Bar Plaza. Plaza Compostela 12. RIBEIRA

HORA: de 16.00 h a 18.00 horas.

PERMÍTENSE FOTOGRAFÍAS

CONTACTO PARA MÁIS INFORMACIÓN.

Comunicación

Rosa Rodríguez

M. 626 44 69 47